

4. CONTIDOS

ÁREA DE EXPRESIÓN PLÁSTICA

Os contidos propostos para este ciclo, na área de Expresión Plástica, son os seguintes:

4.1. Área de Expresión Plástica

4.1.1. Contidos conceptuais

TERCEIRO CURSO

1. As formas e a súa articulación

- Organización das formas no espazo e o tempo.
- A liña como elemento creador de formas.
- Clases de liñas (curvas, rectas, quebradas, onduladas, etc.)
- Calidade da liña (grosor e trazado).
- A mancha como elemento creador de formas.
- Tipos de manchas.
- O punto como elemento creador de formas.
- A cor.
- Obtención da cor.
- Mesturas de cor.
- Tons e gamas.
- Clasificación (cores frías e calidas).
- Articulación dos diferentes elementos: puntor iña-mancha, liña-mancha, cor-textura, e textura-mancha.

2. A elaboración de imaxes no plano. O espazo. O volume

- O tamaño, a proporción e o espazo.
- Representación do espazo: plano e volume.
- O volume con trazado de liñas.
- O volume con sombreado e manchas.
- O volume a través da cor.
- A luz e a sombra na forma e o volume.
- Imaxes bidimensionais e tridimensionais.
- A perspectiva na paisaxe.
- Situación da liña do horizonte.

3. A linguaxe visual. Arte e cultura

- Identificación de imaxes do contorno.
- Asociación de imaxes.
- Signos e símbolos na comunicación visual.
- Identificación entre formas xeométricas e obxectos.
- O tempo: a súa influencia na cor dunha paisaxe.
- Debuxo, colaxe, pintura e impresión.

- Construción en tres dimensións.

CUARTO CURSO

1. As formas e a súa articulación

- A forma. O esquema corporal da figura humana e dos animais. Formas das plantas (partes e variedade). Formas básicas dos obxectos. Diferentes formas de paisaxe. Formas básicas dos espazos de interior.
- O punto. A liña, as súas clases e calidades de expresión.
- O plano e as súas formas regulares e irregulares.
- Triángulo, cadrado, rectángulo, cilindro, cono e círculo.
- A cor e a súa utilización: tons, matices, contrastes, mesturas, identificación, criterios de clasificación (círculo cromático, cores primarias e mesturas, cores frías e calidas, e cores obxectivas e subxectivas).
- Articulación dos diferentes elementos: liña-mancha, cor-textura e textura-mancha.
- Combinación de formas xeométricas con obxectos.
- Coloreado de obxectos en función da situación dun foco de luz.

2. A elaboración de imaxes no plano. O espazo. O volume

- A elaboración de imaxes: trazado da figura humana, de animais, de plantas, de obxectos, de paisaxes e de espazos de interior:
- O tamaño, a proporción e o esquema corporal segundo un canon.
- O espazo compositivo.
- O volume e a forma.
- O movemento no trazado da figura humana e de animais.
- Simetría axial.
- A cor: tons, matices e contrastes.
- A luz na forma e no volume.
- A textura: visual e táctil, o seu recoñecemento e aplicación.
- Representación do espazo: plano e volume.
- A perspectiva.
- Imaxes bidimensionais e tridimensionais.
- O contorno e o esquema.

3. A linguaxe visual. Arte e cultura

- Identificación de imaxes do contorno. A figura humana, os animais, as plantas, os obxectos, a paisaxe e diferentes espazos interiores.
- Asociación de imaxes.
- Signos e símbolos na comunicación visual.
- Identificación de sinais.
- O tempo.
- Debuxo, colaxe, pintura e impresión.
- Modelado e construción.

4.1.2. Contidos procedementais

1. De tratamento da linguaxe plástica: a imaxe e a forma

- Observación e experimentación con formas naturais e artificiais.
- Identificación de aspectos comparativos da imaxe.
- Lectura de imaxes do contorno.
- Recoñecemento das intencións informativas, publicitarias e artísticas das imaxes especialmente dirixidas ao neno: anuncios, carteis, cómics, ilustracións de contos.
- Realización e interpretación de sinais e símbolos convencionais.
- Aplicación de liñas, planos, formas e cores en distintas situacións expresivas.

2. De elaboración de composicións plásticas e imaxes

- Coordinación psicomotriz do xesto gráfico nas composicións plásticas.
- Observación e análise de imaxes: personaxes, situacións e ambientes.
- Planificación, realización e avaliación de composicións plásticas e imaxes.
- Realización de composicións libres e dirixidas de liñas e planos.
- Elaboración de composicións libres e dirixidas de formas e cores.
- Ensaio de produción de imaxes e formas sinxelas, en branco e negro e en cor.
- Emprego de diferentes materiais (papel, témperas, plastilina, ceras, barro, madeira, etc.), instrumentos (lapis, pinces, tesoiras, punzóns, etc.), técnicas (debuxo, colaxe, pintura, impresión, etc.) e aparatos (máquinas fotográficas, etc.), para unha expresión plástica adecuada.
- Aplicación das posibilidades expresivas da imaxe en movemento.

3. De composición plástica e visual: elementos formais

- Análise do espazo e das formas do contorno.
- Coordinación da psicomotricidade fina no trazado de liñas, formas, planos e inicio dos volumes.
- Organización dos diferentes elementos da composición, en función da forma, tamaño, espazo, etc.
- Coordinación da cor e a forma.
- Exploración visual e táctil de diferentes texturas.
- Exploración das posibilidades comunicativas da imaxe fixa e dinámica.
- Utilización das nocións básicas de escala e perspectiva nas composicións artísticas.
- Ilustración plástica de contos e lendas ou feitos da vida cotiá.
- Construción de caretas, monicreques, maquetas, máquinas ou xoguetes sinxelos.

4. De iniciación ao coñecemento das artes e a cultura

- Participación activa nas festas populares e nos actos artísticos do colexio, o barrio e a localidade.
- Utilización dos medios de comunicación habituais para o aproveitamento das actividades artísticas.
- Aproveitamento de obras artísticas do contorno.
- Asistencia a distintos acontecementos culturais, exposicións, monicreques, escenificación de contos, etc., e comentario das impresións que estes acontecementos causaron no alumnado.

4.1.3. Contidos actitudinais

- Curiosidade e aproveitamento das formas naturais e artificiais.
- Satisfacción polo uso de imaxes que expresen sentimentos e ideas.
- Interese por colaborar na realización de actividades artísticas cooperativas.
- Valoración dos diferentes efectos visuais conseguidos.
- Interese e aprecio polas creacións dos demais.
- Confianza nas propias posibilidades creativas.
- Autoesixencia progresiva nas realizacións artísticas.
- Responsabilidade no uso e coidado de materiais e instrumentos, e respecto polas normas de seguridade e hixiene na súa utilización.
- Interese pola conservación dos traballos realizados.
- Valoración do patrimonio artístico como un ben común.
- Valoración das innovacións tecnolóxicas na realización da obra artística.
- Valoración de manifestacións artísticas diferentes das do seu contorno.
- Respecto polas normas sociais de comportamento en visitas e ante calquera manifestación artística.